



### XUNTA DE GALICIA

#### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

##### *Anuncio*

**Resolución do 8 de outubro de 2021, da Xefatura Territorial de Lugo pola que se declara a utilidade pública, en concreto, para os efectos da urxente ocupación, da instalación eléctrica "LIÑA SEQ806QUIROGA 6 SUBSTITUCIÓN APOIO C7B9QS5S28", no concello de Quiroga (Exp. 2020/15 A.T.)**

Examinado o expediente instruído a instancia da empresa UFD Distribución Electricidad S.A., con enderezo para os efectos de notificación en Avda San Luis, 77, 28033 Madrid, aprécianse os seguintes

##### **Antecedentes de feito.**

**Primeiro.**-Con data 20 de maio de 2021, a citada empresa solicita a declaración de utilidade pública, en concreto, para a instalación eléctrica "LIÑA SEQ806 QUIROGA 6 SUBSTITUCIÓN APOIO C7B9QS5S28", no concello de Quiroga, logo de autorizarse o preceptivo proxecto das instalacións a que fai referencia o Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE 27 de decembro do 2000, núm. 310), que regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e xuntando a relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados pola instalación que determina a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE do 27 de decembro de 2013, núm. 310) e o artigo 143 do Real decreto 1955/2000, antes citado.

**Segundo.**- A declaración de utilidade pública someteuse a información pública para os efectos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, mediante resolución desta xefatura territorial do 25 de maio de 2021. Esta resolución foi publicada no diario El Progreso do 11 de xuño de 2021, no BOP de Lugo do 8 de xuño de 2021 e no DOG do 17 de xuño de 2021, no taboleiro de anuncios da citada xefatura territorial e no taboleiro de anuncios do concello de Quiroga. Con esta resolución inseríase a relación de bens e dereitos afectados.

Así mesmo, practicouse notificación individual aos interesados incluídos na referida relación de bens e dereitos afectados.

**Terceiro.**-Durante o trámite de información pública non se presentaron alegacións

A este feitos son de aplicación os seguintes

##### **Fundamentos de dereito.**

**Primeiro.**-A esta xefatura territorial correspóndelle resolver sobre a presente solicitude. de acordo coas competencias que resultan do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e tendo en conta o Decreto 9/2017 do 12 de xaneiro (DOG n.º. 22 do 1 de febreiro), sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, en relación co Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e a Lei 24/2013, do 26 de decembro do sector eléctrico.

**Segundo.**-No expediente cumpríronse os trámites sinalados no artigo 53 da citada lei 24/2013, e os regulamentarios previstos nos capítulos II e V do título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que regula o procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

**Terceiro.**- Sen prexuízo do anterior, cómpre ter en conta que consonte ao artigo 151 do citado Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, en calquera momento a empresa beneficiaria e os titulares dos necesarios bens e dereitos poden convir un mutuo acordo, causando a correspondente conclusión do expediente expropiatorio.

De acordo co exposto e en virtude das competencias que ten atribuídas, esta xefatura territorial

##### **RESOLVE:**

**Primeiro.** Declarar a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica obxecto do presente expediente, o que implica a necesidade de ocupación dos bens ou da adquisición dos dereitos afectados e a urxente ocupación para

os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa. Por isto, en cumprimento do disposto neste artigo, acórdase que polo representante da Administración se dea comezo, na data e hora que a cada interesado se lle notificará individualmente, ao levantamento das actas previas á ocupación dos predios contidos na relación de bens e dereitos publicada no diario El Progreso do 11 de xuño de 2021, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 8 de xuño de 2021 e no Diario Oficial de Galicia do 17 de xuño de 2021, expostas no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e no taboleiro de anuncios do concello de Quiroga. Así mesmo, faise constar que ata o momento do levantamento das actas previas, poderanse formular as alegacións que se consideren oportunas, aos efectos de rectificar posibles erros na relación de bens afectados que foi obxecto de publicación nos medios e nas datas anteriormente referidos. Estas alegacións deberanse presentar por escrito perante esta Xefatura Territorial de Economía, Empresa e Innovación, (Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Rolda da Muralla 70, 27071, Lugo).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpor recurso de alzada ante o Vicepresidente Segundo e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación / publicación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro recurso que estimen pertinente.

Lugo, 27 de outubro de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 3056

### *Anuncio*

#### **Resolución do 15 de outubro de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de A Pontenova. (Expediente IN407A 2021-29AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: BEGASA
- Domicilio Social: Rúa Aller Ulloa, Ramón María, 9. 27003 Lugo
- Denominación: “REFORMA Y AUTOMATIZACIÓN DEL CT 7189 SAN BRIZ”
- Situación: concello de A Pontenova
- Visado: Si, Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia con número de visado 20210658 en data 3 de marzo de 2021.
- Características técnicas principais:
  - Reforma do CT Prefabricado (7189) San Briz, cunha potencia instalada de 250kVA e unha potencia máxima admisible de 630kVA e relación de transformación 20.000/400-230, consistente en:

Instalación de tres novas celas de liña de SF6 telemandadas, e unha de protección.

- Finalidade da instalación : Mellora de instalacións
- Orzamento: 31.862,24 €
- Documentación complementaria:

⑩ Separata para o Concello de A Pontenova

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, e tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

**Primeira:** As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

**Segunda:** O petionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

**Terceira:** En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 15 de outubro de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 3057

### *Anuncio*

#### **Resolución do 15 de outubro de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Lugo. (Expediente IN407A 2021-30AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Petionario: BEGASA
- Domicilio Social: Rúa Aller Ulloa, Ramón María, 9. 27003 Lugo
- Denominación: “REFORMA Y ANILLADO CT 1552 VALIÑA”
- Situación: concello de Lugo
- Visado: Si, Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia con número de visado 20210584 en data 25 de febreiro de 2021.
- Características técnicas principais:
  - LMT soterrada con orixe nun empalme realizado nunha arqueta coa LMT Aceña de Olga dirección CT Aceña de Olga 8 (5736), entra e sae no CT Valiña (1552) e remata nun empalme realizado noutra arqueta coa LMT Aceña de Olga dirección CT Aceña de Olga 7 (14722), cunha lonxitude de 530 metros en condutor tipo RHZ1-240.
  - Reforma do CT non Prefabricado (1552) Valiña, cunha potencia instalada de 315kVA e unha potencia máxima admisible de 630kVA e relación de transformación 20.000/400-230, consistente en:

Substitución da aparamenta ao aire existente por dúas celas de liña e unha de protección de SF6, substituíse tamén o cadro de baixa tensión, o circuito de terras, o de alumeado e o de emerxencia.

- Finalidade da instalación : Mellora de instalacións
- Orzamento: 49.211,26 €
- Documentación complementaria:

Ⓢ Separata para o Concello de Lugo

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, e tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

**Primeira:** As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

**Segunda:** O peticionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

**Terceira:** En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 15 de outubro de 2021.-O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 3058

## CONCELLOS

### BARALLA

#### *Anuncio*

En sesión plenaria celebrada o 27 de maio de 2021, o Concello aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais.

O acordo da súa aprobación expúxose ao público no BOP número 124 de data 3 de xuño de 2021, presentándose reclamacións durante o prazo de exposición, que foron resoltas no Pleno de data 30 de setembro de 2021, polo que a devandita Ordenanza considérase definitivamente aprobada de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e publicarase no Boletín Oficial da Provincial o seu texto íntegro.

#### **“ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No concello de Baralla o sector forestal e a actividade madeireira con el asociada, constitúe un pilar económico relevante, tanto pola súa extensión como polo que supón para a sostenibilidade económica dos veciños.

A explotación forestal do monte e, concretamente, o transporte dos aproveitamentos do mesmo, arrastre, depósito e carga, entre outros, derivado da corta de madeira polas vías de titularidade municipal, supón un uso do dominio público municipal dunha intensidade que, en moitos casos, impide o uso normal xeral por parte do resto dos usuarios das mesmas dado o deterioro que producen no firme.

Por outro parte, os danos producidos polos usos antes referidos, obriga ao concello a realizar gastos importantes para o mantemento do viario municipal que soporta estes tráxicos en condicións que permitan o uso normal e xeral dos camiños e vías municipais ao ten dereito a veciñanza, calquera que sexa o seu lugar de residencia.

O municipio carece de competencias reguladoras da explotación forestal dos montes e da corta de madeira derivada da mesma, pero si que ostenta plena capacidade e competencia para regular o uso das vías públicas municipais, así como para a defensa das mesmas.

A presente Ordenanza non incide, nin directa nin indirectamente na regulación das cortas, nin na actividade forestal, actividade sobre á que o municipio non ten competencia, limitándose a protexer as vías públicas municipais fronte ás consecuencias do depósito, arrastre e transporte de madeira, cualificando tales usos como usos especiais e regulando os mesmos de tal xeito que se compatibilice o uso especial que das mesmas se fai polas empresas madeireiras, co uso común xeral da veciñanza e demais cidadáns.

#### **ART. 1.- OBXECTO E FUNDAMENTO.-**

De conformidade co disposto nos artigos 4.a) da Lei 7/1 985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e 75 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño) o Concello de Baralla, establece a presente ordenanza reguladora do uso común especial dos camiños de titularidade municipal, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte das cortas de madeira nos montes do municipio.

O obxecto da Ordenanza vén constituído pola cualificación e regulación dos usos comúns especiais establecidos no parágrafo anterior, coa finalidade de garantir a necesaria e obrigada conservación do viario municipal dos deterioros producidos con ocasión dos usos especiais que se regulan.

Enténdese por uso común especial do viario municipal o depósito, arrastre e transporte de madeira, derivados de sacas de madeira provenientes da explotación forestal, cualificación que trae causa da especial intensidade que as referidas operacións levan consigo, intensidade que se manifesta no grado de deterioro que sofre o viario municipal; deterioro que non se manifesta nos transportes que de forma permanente se realizan polo resto das actividades propias do medio rural.

#### **ART. 2.- ACTIVIDADES EXCLUÍDAS.-**

Para os efectos desta ordenanza, non teñen a consideración de transportes, e acopios de madeira provinte da explotación forestal as seguintes actividades:

Podas e aclareos en plantacións forestais.

Rozas e limpeza de fincas.

Clareo de rebrotes de cepas de menos de tres anos.

Cortas puntuais de exemplares de árbores ornamentais.

Cortas para uso doméstico.

#### **ART. 3.- DEFINICIÓNS.-**

Para os efectos da aplicación desta ordenanza, considérase:

-Actividade forestal: aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.

-Saca de madeira: deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do concello, que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, preparación do terreo, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).

-Empresa madeireira: persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización.

#### **ART. 4.- REQUISITOS PARA AS OPERACIÓNS DE SACAS DE MADEIRA.-**

Para realizar traballos de saca e depósito de madeira en plantacións forestais do Concello, será obrigatorio obter a preceptiva licenza municipal para uso especial da vía ou vías municipais a empregar para o depósito e transporte de madeira. Elo farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foran da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas, de preservación do patrimonio arqueolóxico.

A solicitude de licenza, asinada polo representante da empresa madeireira, deberá presentarse no rexistro do Concello, en papel ou telematicamente, ou en calquera outro dos rexistros establecidos no art. 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común

Na solicitude de licenza ou en documentación anexa deben constar:

-Datos identificativos empresa madeireira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa).

- Especie de madeira obxecto da corta.

- Volume de madeira que se prevé extraer.

- Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia, así como identificación catastral da finca ou monte afectado, indicando polígono e parcela/s.

- Datas previstas de inicio e remate dos traballos.

- Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga e vías a empregar.

- Identificación da vía municipal a utilizar: nome e plano coa traza do mesmo.

- Copia compulsada do permiso, autorización ou licenza de corta expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma, de ser o caso.

- Copia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do

último recibo pagado, acreditativo de que o seguro está vixente no momento de realizarse as devanditas operacións.

- Fianza ou aval bancario segundo o disposto no artigo 8 da presente ordenanza.

O Concello de Baralla terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de solicitude tal e como se recolle no Anexo I. O asinante da solicitude responderá da exactitude e veracidade do declarado na mesma.

O Concello requirirá á empresa madeireira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal, a presentación da correspondente solicitude, cando comprobe que a empresa madeireira non cumpriu coa súa obriga de presentala previamente nas oficinas municipais, sen prexuízo da corresponde sanción derivada do incumprimento da obriga de presentación do mesma.

Unha vez presentada a solicitude e documentación esixida para o outorgamento da licenza, emitirase informe e reportaxe fotográfico en orde a deixar constancia sobre o estado da vía antes do comezo das labores extractivas de madeira solicitada. Esta documentación terase en conta para determinar os posibles danos na mesma, en orde ao requirimento á persoa responsable para a reparación dos danos e prexuízos causados.

#### **ART. 5.- RESPONSABLES.-**

A empresa madeireira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, debendo reparar o dano causado. O Concello velará especialmente para que as devanditas operacións de saca de madeira, non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en axeitado estado de conservación, limpeza e seguridade.

A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de depósito e saca de madeira por conta, consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, principalmente cando a corta se faga a feito en zonas con pendentes elevadas, da adopción das medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

#### **ARTIGO 6.- OBRIGAS.-**

A empresa madeireira estará obrigada a asumir os custes da reparación dos estragos producidos nas vías, estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local.

A empresa madeireira queda obrigada á limpeza e á retirada dos residuos da corta de madeira, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.

Os depósitos de rolla, pólas, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscabar a funcionalidade das cunetas, gabias, canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa aos camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias.

A empresa madeireira estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira ou áridos, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

Prohíbese o uso das vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais.

A empresa madeireira ou o propietario forestal deberán derrubar e repoñer ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunden e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

As limpeza e reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 72 horas a partir da retirada da madeira.

De acordo co disposto na normativa urbanística vixente, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados movementos de terra.

#### **ART. 7.- GARANTÍA.-**

As empresas madeireiras deberán depositar unha fianza en metálico ou aval bancario en favor do Concello, excepto nos casos de autoconsumo (ata 10 metros cúbicos), co obxecto de responder dos posibles danos non reparados voluntariamente, segundo se recolle nesta ordenanza. Para os efectos desta fianza, que deberá ser depositada coa solicitude de licenza, establécense catro categorías:

- Volume de corta entre 10 e 50 metros cúbicos: 300€
- Volume de corta entre 50 e 300 metros cúbicos: 750,00€

- Volume de corta entre 300 e 1.000 metros cúbicos: 2.500,00€
- Volume de corta entre 1.000 e 3.000 metros cúbicos: 5.000,00€
- Volume de corta superior a 3.000 metros cúbicos: 7.000,00€

No caso de que a mesma empresa madeireira vaia realizar, ao mesmo tempo, cortas en parcelas contiguas, e para efectos do cálculo da fianza a aplicar, deberá computarse o volume total de madeira extraída desas parcelas.

Unha vez comunicado o remate dos traballos por parte da persoa interesada, a tramitación administrativa do expediente da devolución da fianza completárase nun prazo de 30 días naturais, unha vez que os servizos municipais comprobaren a inexistencia de danos nas vías, nas infraestruturas ou no dominio público local. No caso contrario, non se producirá a devolución da fianza, ata que se resolva o expediente que ao efecto se incoe.

#### **ART. 8.- REQUIRIMENTOS.- NORMAS COMÚNS NO USO DA FIANZA NON DEVOLTA E EXECUCIÓN SUBSIDIARIA.-**

Unha vez que se advertiu o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase á persoa responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para elo un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso, non podará exceder de un mes. Unha vez que transcorra este prazo sen que se dea cumprimento ao requirimento, procederase, sen necesidade de novas notificacións, á súa execución subsidiaria, cargándolle os custes derivados á persoa responsable.

Constatada a destrución ou deterioro do dominio público viario local, ou a acumulación de restos procedentes das operacións de carga e almacenamento, o Concello poderá realizar, con cargo á fianza, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda. No caso de importe sobrante da fianza, procederase á devolución do mesmo.

Se os danos foran dunha contía superior ao da fianza, o Concello elaborará un informe técnico sobre os danos e requiriráselle ao responsable para que abone as cantidades ocasionadas por estas, ademais da fianza inicial, mediante a tramitación do oportuno expediente administrativo, de conformidade co previsto na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para a determinación de danos e prexuízos e realización de requirimentos para a súa reparación, deberá terse en conta o estado previo aos usos solicitados no que se atope a vía afectada.

No caso de que os responsables realizasen os traballos sen solicitude nin concesión de licenza, estarase unicamente ao que resulte unha vez realizados os traballos e o estado no que quedou a vía, salvo no caso de que constase algunha outra documentación ao respecto do estado da mesma, que puidera terse en conta en orde á determinación da tramitación a realizar.

#### **ART. 9.- INFRACCIÓN.**

Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido na mesma. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición aos responsables das correspondentes sancións, sen prexuízo da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión. As infraccións da presente ordenanza, cualifícanse en moi graves, graves e leves.

Constitúen infraccións moi graves:

-Non presentar, no prazo que se lle indique, o escrito de solicitude de licenza para realización dos transportes e/ou depósito de madeira, unha vez fose requirido polo Concello.

-Deixar as vías municipais nun estado de sucidade que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso.

-Causar danos nas vías municipais por valor superiores a 9.000 €, segundo o informe municipal emitido para o caso.

-Cometer nun prazo dun ano, dúas faltas graves firmes na vía administrativa.

Constitúen infraccións graves:

- Non presentar o escrito de solicitude de licenza, aínda que o achegue despois de ser requirido polo Concello.

- Deixar as vías municipais en deficiente estado de sucidade, segundo o informe municipal emitido para o caso.

- Causar danos nas vías municipais por valor inferior a 9.000 €, segundo o informe municipal emitido para o caso.

-Non demoler ou non repoñer ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abran para acceso aos terreos forestais

-Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas leves, firmes na vía administrativa.

Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave, e a súa sanción corresponda ao Concello.

**ART. 10.- SANCIONES.-**

As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

- infraccións leves: multa de ata 300,00€.
- Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01€ e 1.500 €.
- Infraccións moi graves: multa de contía comprendida entre 1.500,01€ e 3.000,00€

A tramitación do procedemento sancionador non previsto na ordenanza, rexerase pola normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para a persoa interesada. O órgano competente para a resolución do expediente sancionador será a Xunta de Goberno Local. O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.

O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da esixencia, se fora o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houber lugar.

**DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA. ENTRADA EN VIGOR.**

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do texto integro aprobado polo Pleno Municipal.

Baralla, 19 de outubro de 2021.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 3083

**BEGONTE***Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 25 de outubro de 2021, o expediente de modificación de créditos núm. 19 /2021, ( 6º de competencia do Pleno) , dentro do vixente Presuposto municipal e con modificación do anexo de investimentos, por un importe total de Vinte mil cincocentos (20.500,00) euros , en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaria deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, a 25 de outubro de 2021.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R.3080

**GUITIRIZ***Anuncio***NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL MEDIANTE CONCURSO EN QUENDA DE MOBILIDADE EN EXECUCIÓN DA OEP 2019. EXP. 442/2021**

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 20/10/2021 acordou por unanimidade, vistos os antecedentes do expediente coa proposta de nomeamento do Tribunal Cualificador de data 13/10/2021 fronte á que non se presentaron reclamacións:

PRIMEIRO.- Nomear a don Joaquín Díaz Ramos con DNI 53.167.109X, como funcionario de carreira na praza de Policía Local pertencente ó cadro de persoal de funcionarios decarreira do Concello de Guitiriz, encadrada na escala de Administración Especial, subescala de servizos especiais, escala básica, categoría policía, grupo "C1", correspondente a oferta de emprego público deste Concello do ano 2019 (reservada para mobilidade horizontal), ficha nº 12 e código nº 15 da RPT

SEGUNDO.- Notificarlle este acordo ao funcionario nomeado e comunicarlle que, de acordo coa base 9ª, deberá tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Publicar o nomeamento no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, e comunicala aos servizos municipais de recursos humanos, secretaría, intervención e tesourería aos efectos oportunos.



Guitiriz, 22 de outubro de 2021.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3059

## LOURENZÁ

### *Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 20/10/21 o Padrón da Taxa de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos correspondente ao terceiro trimestre de 2021, exponse ao público na Secretaría do Concello por prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións. Establécese como período de cobro en voluntaria do 2 ó 22 de novembro do 2021.

Lourenzá, 20 de outubro do 2021.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 3060

## LUGO

### *Anuncio*

Por medio do presente faise público que a Xunta de Goberno Local, por acordo núm. 15/601, de 29/09/2021, ACORDOU:

**PRIMEIRO:** A aprobación das “BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DA SECCIÓN DE DEPORTES DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS DE AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA PERSOAS CON TALENTO DEPORTIVO-EXERCICIO 2021”, en virtude das seguintes cláusulas:

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

Esta convocatoria ten por obxecto regular para o exercicio 2021 a concesión de bolsas de axudas económicas en réxime de concorrencia competitiva, para deportistas individuais con talento que ao longo da tempada 2020 destacaran pola súa participación en eventos deportivos con resultados relevantes, a nivel autonómico ou nacional, co fin de apoiar a promoción, práctica e mellora do rendemento deportivo nas respectivas modalidades, así como a valoración do esforzo académico, de conformidade co disposto na Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/07, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Excmo. Concello de Lugo.

#### **SEGUNDA.- CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

Esta convocatoria conta con crédito orzamentario de **23.795,35 euros**, e convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48100.

#### **TERCEIRA.- REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES**

Poderán ser beneficiarios das bolsas de axudas da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados, de calquera categoría dentro das modalidades deportivas individuais, excluíndose, por tanto, os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas ou grupo, como por exemplo 4x100, ximnasia en probas colectivas, dobres en deportes de raqueta, modalidades de máis de 1 tripulante de piragüismo, vela, remo, pádel, volei praia, etc.

Quedan expresamente excluídas as xornadas de control, copas, opens, ligas locais, comarcais, provinciais, ou similares, competicións escolares, probas populares, benéficas, e calquera outra análoga ás anteriores.

Quedan así mesmo expresamente excluídos desta convocatoria os/as deportistas individuais da disciplina automobilismo, especialidade rally (en calquera das súas categorías e modalidades).

Os solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1.- Ser deportista afeccionado/a, nado/a entre 2002 e 2007, inclusive (exceptuando deportistas con discapacidade para os/as que non haberá límite de idade).
- 2.- Estar federado/a no período 2020 e manter na data de presentación da solicitude ficha federativa oficial na disciplina ou modalidade para a que se solicita a axuda, nun club do Concello de Lugo.
- 3.- Estar empadroadado/a no Concello de Lugo dentro do prazo de presentación de solicitudes e como mínimo con alta no padrón municipal dende o 01 de xaneiro de 2020.
- 4.- Ter acreditados resultados deportivos para valorar referidos á tempada 2020. Dado que as distintas modalidades deportivas teñen un calendario de competicións diferentes, aos efectos da presente convocatoria, establécese como tempada o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020 ambos inclusive.

5.- Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa facenda estatal e local, así como estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.

6.- Non estar incurso/a en prohibición para obter a condición de beneficiario/a das subvencións de conformidade co artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Conforme ao disposto nos artigos 2.1 b) e 30.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, estas **BOLSAS DE AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA PERSOAS CON TALENTO DEPORTIVO-EXERCICIO 2021** condiciónanse á circunstancia de que ditas persoas, aos efectos desta subvención, acrediten o seu talento deportivo co cumprimento dos requisitos establecidos na base **TERCEIRA** mediante a entrega da documentación esixida nas mesmas, non sendo necesario polo tanto a presentación de conta xustificativa de gastos.

#### CUARTA.- MÉRITOS DEPORTIVOS A VALORAR:

Para poder ser beneficiario da bolsa regulada nesta convocatoria, deberase acreditar mediante o correspondente certificado oficial da Federación, a consecución de un dos seguintes postos ou resultados deportivos individuais, durante o exercicio 2020 e referidos á disciplina ou modalidade deportiva para a que solicita a axuda:

- Campionato de España: Do 1º ao 8º posto (ambos inclusive).
- Campionato de Galicia: Do 1º ao 3º posto (ambos inclusive).

#### QUINTA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E DISTRIBUCIÓN DA BOLSA

Os criterios de valoración serán os seguintes:

1. Por estar clasificado/a no Campionato de España, os seguintes puntos:

1. 1º POSTO	2. 6 PUNTOS
3. 2º POSTO	4. 5 PUNTOS
5. 3º POSTO	6. 4 PUNTOS
7. 4º POSTO	8. 3 PUNTOS
9. 5º POSTO	10.2,5 PUNTOS
11.6º POSTO	12.2 PUNTOS
13.7º POSTO	14.1,5 PUNTOS
15.8º POSTO	16.1 PUNTOS

2. Por estar clasificado/a no Campionato Galego, os seguintes puntos:

17.1º POSTO	18.3 PUNTOS
19.2º POSTO	20.2 PUNTOS
21.3º POSTO	22.1 PUNTO

3. Calquera dos anteriores, sendo ademais deportista feminina: 0,5 puntos.

4. Calquera dos anteriores, sendo ademais persoa con discapacidade: 0,5 puntos.

5. Calquera dos anteriores, e ademais superación do curso académico do ano 2020 (**curso 2019/2020**): 0,5 puntos.

Nos criterios de valoración dos apartados 1 e 2 (puntuación relativa aos Campionatos de España e Galego) só se puntuará no de maior categoría, e só se terá en conta o mellor resultado acadado en probas individuais, recollidas nos calendarios das propias Federacións como tales (Campionato de España ou Campionato Galego), non como equipos ou clubs.

Unha vez valoradas todas as solicitudes, o valor do punto será o resultante de dividir o total do crédito orzamentario de que dispoñemos para esta convocatoria (23.795,35 €) entre a suma total dos puntos acadados por todos os deportistas.

## SEXTA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.- As solicitudes (segundo modelo oficial que figura no ANEXO I-D) presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben utilizando os medios establecidos na Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **15 DÍAS HÁBILES**, contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP. O seu texto íntegro publicarase no boletín oficial da provincia (BOP) e na paxina web do Concello de Lugo, se ben a publicación da convocatoria no BOP será a data que se terá en conta para os efectos de presentación de solicitudes. Ditas solicitudes acompañaranse dos documentos e informacións que se sinalan no apartado 2 desta cláusula, agás que xa estivesen en poder do Concello, facendo constar neste caso a data e dependencia ou órgano ante o que se presentaron, e non poderán ter transcorridos máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ao que correspondan. Cada deportista só poderá presentar unha única solicitude e optar a unha única bolsa, independentemente do número de modalidades deportivas que practique.

2.- A persoa interesada deberá acompañar á solicitude a seguinte documentación:

a.- Fotocopia do DNI da persoa solicitante é, de ser o caso, do representante legal e documento que acredite a representación (no caso de ser menor de idade deberán achegar ademais copia do Libro de familia e do DNI do pai/nai/titor legal e asinar todos os Anexos xunto ao solicitante).

b.- No caso de persoas con discapacidade, acreditación expedida polo Organismo competente vixente no momento da presentación da solicitude.

b.- Certificación expedida pola respectiva Federación de posesión da correspondente licenza federativa oficial individual para a respectiva disciplina e/ou modalidade deportiva durante o ano 2020 e no momento da solicitude da bolsa, así como indicación do club polo que ten ficha e o currículo deportivo do ano 2020, indicando os postos conforme os criterios de avaliación do punto cuarto de estas bases, así como se é deportista con discapacidade e compete nesta modalidade.

c.- Acreditación da superación do curso académico.

d.- Declaración xurada da existencia ou non doutras axudas solicitadas ou concedidas por ésta ou por outras Administracións. No caso de existir, indicárase a Entidade e contía (ANEXO II-D)

e.- Declaración responsable de non atoparse inhabilitado/a ou estar incurso/a en prohibición para acceder á condición de beneficiario/a de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións. (ANEXO II-D)

f.- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, incluíndo as municipais e fronte á Seguridade Social (ANEXO II-D).

g.- Certificado bancario do número de conta da persoa beneficiaria, no que figurará o deportista solicitante como titular e con data de expedición actualizada.

## SÉTIMA.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

Presentadas as solicitudes, e se do exame da solicitude e documentación aportada se deducise que esta está incompleta ou defectuosa, dende a unidade administrativa xestora requiriráselle á persoa interesada para que, no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES**, achegue os documentos preceptivos ou emende a falla, con indicación de que se así non o fixese se lle terá por desistida a súa petición, tras resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

**Dado o carácter competitivo do procedemento, ADVÉRTESE EXPRESAMENTE** que en ningún caso se concederá prazo para a subsanación e mellora da documentación valorable e puntuable; a non acreditación dos criterios para outorgar os puntos establecidos na cláusula quinta "criterios de valoración e distribución da bolsa" implicará a asignación de 0 puntos no respectivo criterio puntuable.

## OITAVA.- INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO.

O procedemento para a concesión das bolsas previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza municipal de subvencións coas seguintes precisións:

Unha vez que a documentación estea completa, o órgano instrutor, un/unha técnico/a competente do Servizo Municipal de Deportes ou, no seu defecto, a Vicesecretaría, emitirá un informe proposta acerca do cumprimento ou non dos requisitos establecidos nesta convocatoria.

A Comisión de Valoración, constituída para o efecto, terá a seguinte composición:

- Presidente: un/unha funcionario/a ou persoal laboral do Servizo de Deportes que se designe para estes efectos.
- Vogais: un/unha funcionario/a ou persoal laboral do Servizo de Deportes que se designen para estes efectos.

- Secretario/a: unha persoa técnica municipal do Servizo de Deportes designada para o efecto ou a Vicesecretaría Municipal.

#### **NOVENA.- ÓRGANO COMPETENTE PARA RESOLVER.**

O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, competencia delegada nas/os Tenentas/es de Alcaldesa delegadas/os de Área e nas/os Concelleiras/ros delegadas/os conforme acordo da Xunta de Goberno Local 28/452, de data 17/06/2019. A resolución, ademais de conter o nome do solicitante da bolsa ou relación de solicitantes aos que se concede a axuda, fará constar, se é o caso, de xeito expreso a desestimación do resto das solicitudes.

#### **DECIMA.- RESOLUCIÓN, PUBLICIDADE E RECURSOS**

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao do remate do prazo para presentación de instancias. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada, sen perxuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme ao disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela, os/as interesados/as, poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo.

A aceptación da axuda concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación non renunciásen a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

Ao abeiro do disposto no artigo 41 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP, e sen perxuízo da obriga publicación na Bases de Datos Nacional de Subvencións.

A resolución porá fin á vía administrativa e contra ela os/as interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes desde a notificación, ou ben alternativamente recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados dese o día seguinte á referida notificación.

#### **UNDÉCIMA.- PAGAMENTO DAS BOLSAS**

O pagamento das bolsas farase nun único pagamento previa proposta efectuada polo concelleiro-delegado da Área de Deportes e tras un informe do xefe de servizo de Deportes da Área de Deportes, no que se fará constar a existencia e custodia dentro da Unidade Administrativa, da documentación requirida aos solicitantes.

Non haberá posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta da bolsa concedida.

#### **DUODÉCIMA.- RENUNCIA, REVOGACIÓN E REINTEGRO DE CANTIDADES.**

A renuncia á bolsa por parte do beneficiario/a, unha vez iniciado o goce desta, deberalle ser comunicada mediante o correspondente escrito ao/á Alcalde/Alcaldesa-Presidente/a do Concello de Lugo. A renuncia dará lugar á devolución das cantidades percibidas e así mesmo á esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da bolsa ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

A adxudicación das bolsas será igualmente revisada no caso de que se comprobáse que na súa concesión concorreu ocultación, falsidade de datos, ou que existen incompatibilidades con outros beneficios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas de conformidade co establecido no artigo 36 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A solicitude das bolsas implica o coñecemento e aceptación do disposto nestas bases.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- COMPATIBILIDADE**

As axudas que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin



## Concello de Lugo

### ANEXO I-D: SOLICITUDE DE BOLSAS DE AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA PERSOAS CON TALENTO DEPORTIVO - ANO 2021

#### DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS:		NIF/NIE:		DATA DE NACEMENTO:
ENDEREZO:				CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	
<input type="checkbox"/> Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.				

#### ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO		
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

#### DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de persoas con discapacidade ou menores de idade)

NOME E APELIDOS:		NIF/NIE:		DATA DE NACEMENTO:
ENDEREZO:				CONCELLO:
TELÉFONO:		CORREO ELECTRÓNICO:		

#### DATOS DEPORTIVOS (referidos ao ano 2020):

DISCIPLINA/MODALIDADE DEPORTIVA	
MELLOR POSTO ACADADO	<input type="checkbox"/> 1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/> 5º <input type="checkbox"/> 6º <input type="checkbox"/> 7º <input type="checkbox"/> 8º
CAMPIONADO NO QUE OBTIVO O MELLOR POSTO	<input type="checkbox"/> ESPAÑA <input type="checkbox"/> GALICIA
DEPORTISTA FEMININA	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
DEPORTISTA CON DIVERSIDADE FUNCIONAL	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
SUPERACIÓN CURSO ACADÉMICO	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

Autorizo ao Concello de Lugo, a comprobar de oficio a circunstancia de estar empadroada/o no Concello de Lugo. No caso de que o beneficiario da axuda sexa menor de idade, o pai/nai/titor que asina a solicitude é quen ostenta a súa garda e custodia, e outorga consentimento expreso para o acceso aos datos padroais, a teor do disposto no artigo 8 da Resolución do 17 de febreiro de 2020, da Presidencia do INE e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se dictan instrucións técnicas aos Concellos sobre a xestión do padrón municipal.

Autorizo, expresamente, ao Concello de Lugo a comprobar das diferentes administracións públicas ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas.

Que de resultar persoa beneficiaria acepto as obrigas sinaladas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións.

Lugo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo: D./Dña. \_\_\_\_\_

(sinatura da persoa solicitante ou representante)

**NOTA: verifique a documentación que deberá presentar con esta solicitude, segundo os modelos definidos na convocatoria.**

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, os datos obtidos desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

**INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** Consultar na folla anexa a este impreso.

Documentación a presentar xunto coa solicitude:

- a.- Fotocopia do DNI da persoa solicitante é, de ser o caso, do representante legal e documento que acredite a representación (no caso de ser menor de idade deberán achegar ademais copia do libro de familia e do DNI do pai/nai/titor legal, e asinar todos os Anexos xunto ao solicitante).
- b.- No caso de persoas con discapacidade, acreditación expedida polo Organismo competente vixente no momento da presentación da solicitude.
- b.- Certificación expedida pola respectiva Federación de posesión da corresponden licenza federativa oficial individual para a respectiva disciplina e/ou modalidade deportiva durante o ano 2020 e no momento da solicitude da bolsa, así como indicación do club polo que ten ficha e o currículo deportivo do ano 2020, indicando os postos conforme os criterios de avaliación do punto cuarto de estas bases, así como se é deportista con discapacidade e compite nesta modalidade.
- c.- Acreditación da superación do curso académico.
- d. Anexo II-D debidamente cuberto
- g.- Certificado bancario do número de conta da persoa beneficiaria, no que figurará o deportista solicitante como titular e con data de expedición actualizada.

**ANEXO II-D****MODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN**

D./Dña \_\_\_\_\_,

con DNI \_\_\_\_\_

**DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:**

1.- Que cumpro todos os requisitos esixidos na presente convocatoria de bolsas de axudas para deportistas individuais, ano 2021.

2.- Que asumo todos os compromisos reflectidos na referida convocatoria.

1.- Que no ano 2021 solicitei e/ou recibín subvención ou axuda desta ou de outras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade:

- SI  \*
- NON

\* Quen subscribe solicitou / recibiu as seguintes axudas e/ou subvencións no ano 2021 e ata a data de presentación desta solicitude:

ENTIDADE	ANO SOLICITUDE	CONTÍA	ANO CONCESIÓN**

\*\* De non estar concedida na data de presentación da solicitude, cubrirase NC (“NON CONCEDIDA”).

2.- Que está ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Lugo e Facenda Estatal, así como fronte á Seguridade Social no momento da sinatura da presente declaración.

3.- Que non se atopa inhabilitada/o nin está incurso/o en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para obter a condición de persoa beneficiaria da subvención.

Lugo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo: D./Dña. \_\_\_\_\_

(sinatura da persoa solicitante ou representante)

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, os datos obtidos desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

**INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** Consultar na folla anexa a este impreso.

**INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Para os efectos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e conforme á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, proporciónaselle a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

**23. RESPONSABLE DO TRATAMENTO:**

24. A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliado na Praza maior, nº 1 27001, Lugo. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982 297 100
- Correo electrónico: 010@concellodelugo.org
- Contacto DPD: dpd.lugo@seguridadinformacion.com

**25. FINALIDADE:**

26. Tramitación da solicitude instada pola/o interesada/o.

**27. LEXITIMACION:**

28. O tratamento dos datos de carácter persoal achegados queda lexitimado por unha obriga legal, de conformidade co artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e atopa o seu fundamento na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**29. DESTINATARIOS:**

30. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes en dita materia. Non está prevista a comunicación de datos a terceiros alleos ao Concello nin a transferencia internacional dos mesmos.

**31. DEREITOS:**

32. Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, no Concello de Lugo, están a tratar datos persoais que lles atinxan, ou non.

33. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e no cumprimento da lexislación vixente.

34. En determinados casos, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos. Nese caso, unicamente, conservaranse para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

35. En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as persoas interesadas poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, agás por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou a defensa de posibles reclamacións. A persoa interesada ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou ao Concello de Lugo nun formato estruturado, de uso común e lectura automatizada. Este último dereito limitarase polas seguintes excepcións:

- a) Que os datos sobre os que recae este dereito, fosen facilitados pola persoa interesada.
- b) Que os datos sexan tratados polo Concello de Lugo de forma automatizada.

36. Así mesmo ten dereito a retirar o consentimento outorgado, en cuxo caso será efectivo dende o momento no que o solicite, sen ter efectos retroactivos, así como o dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

**SEGUNDO:** A aprobación do gasto de 23.795,35 €, con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48100, do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2021.

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas.

Lugo, 22/10/2021.-O Concelleiro delegado, Mauricio Repetto Morban.

R. 3061



**RIBAS DE SIL***Anuncio*

Visto el oficio remitido por el Juzgado Contencioso-Administrativo número 1 de Lugo, fecha 20 de septiembre de 2021, procedimiento ordinario 250/2021 P, a instancia de Manuel Diaz Pérez, contra resolución del Ayuntamiento de Ribas de Sil sobre responsabilidad patrimonial.

En virtud de lo dispuesto en el artículo 49 de la Ley de la Jurisdicción Contencioso Administrativa, por medio de la presente se procede al emplazamiento de los interesados en dicho expediente para que puedan personarse como demandados ante aquel órgano judicial en el plazo de nueve días.

Ribas de Sil, 22 de octubre de 2021.- EL alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 3062

**VILALBA***Anuncio***BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DO CONCELLO DE VILALBA A AUTÓNOMOS E EMPRESAS AFECTADAS POLO PECHER OBRIGATORIO DAS SÚAS ACTIVIDADES DURANTE A SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA POR CAUSA DA COVID-19 POR CONCURRENCIA NON COMPETITIVA. EXPTE. 4130/2021**

As competencias das entidades locais veñen determinadas con carácter xeral na normativa básica de réxime local emitida pola Administración do Estado no exercicio do art 149.1.18 da Constitución Española, pola Lei 7/85 do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local,

Pola súa banda o Tribunal Constitucional ten clarificado que o réxime de competencias disposto na normativa básica estatal non ten natureza pechada, senón de mínimos, de forma que a lexislación sectorial das Comunidades Autónomas pode, dentro do marco das súas competencias, atribuír ámbitos de xestión nos que as entidades locais poidan desenvolver iniciativas do seu interese, dado que o artigo 7.2 da citada LRBRL dispón que as competencias propias dos Municipios, as Provincias, as Illas e demais Entidades territoriais só poderán ser determinadas por Lei e exércense en réxime de autonomía e baixo a propia responsabilidade, atendendo sempre á debida coordinación na súa programación e execución coas demais Administracións Públicas.

Coa habilitación normativa anterior e á vista do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declarou o Estado de Alarma como medida extraordinaria orientada a evitar a propagación de contaxios e a garantir a máxima protección da poboación por mor da propagación da COVID-19, e o resto de normativa posterior que derivou en medidas de apoio á saúde con derivas negativas ao tecido económico, o Concello de Vilalba, ante ditos efectos negativos que está tendo no noso sector económico todo o que implica a pandemia, pretende levar a cabo medidas de apoio ao tecido económico municipal, para que evite, en adición a outras medidas de fomento levadas a cabo dende outras administracións, na medida do posible, o peche de pequenos comercios, o aumento do desemprego na localidade, e por conseguinte o incremento do risco de exclusión social.

A natureza excepcional da pandemia e das medidas adoptadas para o seu control está a provocar consecuencias de escala significativa en todos os compoñentes da sociedade. Un destes compoñentes son as microempresas constituídas por autónomos aos que a situación sobrevinda pónenos en condicións extremas xa que a falta de ingresos nestes momentos polas medidas instauradas devén nunha grave falta de liquidez, afectando seriamente á súa situación económica a curto e medio prazo, pero tamén supón un grave risco para a súa viabilidade futura.

Desde o Concello de Vilalba considérase imprescindible un apoio público, na medida das súas posibilidades orzamentarias, dirixido a garantir ás empresas (cuxa facturación anual non supere 500.000 euros con carácter xeral), e ós autónomos liquidez que lles permita contrarrestar o dano que están a sufrir, de forma que se preserve a súa viabilidade empresarial e económica no momento actual. Esta medida é compatible con outras axudas que se están implementando dende outras administracións, e independente tamén das axudas que desde a área de Servizos Sociais están a poñerse ao dispor daqueles veciños e veciñas que teñan necesidades urxentes independentemente do seu carácter de empresario/a, traballador/a, desempregado/a, etc.

Por todo o anterior, DISPONSE :

**Artigo 1. Obxecto e finalidade.**

1.- As presentes Bases teñen por obxecto establecer a regulación (solicitud, tramitación, concesión, pago e xustificación) das subvencións a conceder polo Concello de Vilalba destinadas a paliar o impacto derivado da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 sobre as empresas, cuxa facturación anual non supere 500.000 de euros con carácter xeral, e autónomos de Vilalba que tiveron que pechar os seus establecementos nalgún momento dende que se declarou o Estado de Alarma a través do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e outras medidas restrictivas posteriores executadas polo Estado e pola Comunidade Autónoma de Galicia, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola pandemia.

2.- A finalidade é protexer e apoiar ao tecido produtivo e social de Vilalba constituído polas devanditas empresas e autónomos para lograr atenuar as consecuencias negativas polo peche en calquera momento dende que se iniciou a pandemia e aliviar a conta de resultados destas empresas para que se deteriore o menos posible, subvencionándose os gastos estruturais de funcionamento da actividade que foron soportados malia a carencia de ingresos durante o peche dos seus establecementos por imperativo da entrada en vigor do citado Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e outras medidas restrictivas posteriores executadas polo Estado e pola Comunidade Autónoma de Galicia.

O papel dos concellos na crise económica e de emprego que nos toca vivir é capital en tanto que, mais alá da importancia dos recursos aportados polas administracións central e autonómica, é a institución municipal a que ten o coñecemento e grao de achegamento suficiente para sumar e adaptarse á realidade local particular, exercendo as súas competencias en materia de desenvolvemento económico, no deseño de estratexias de promoción económica capaces de identificar e por en valor os seus recursos e complementar, pola vía de programas de estímulo, as necesarias actuacións acometidas polas restantes administracións.

### **Artigo 2. Réxime xurídico e bases reguladoras.**

1.- A presente convocatoria rexerase, con carácter xeral, polo disposto nas bases reguladoras, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (en diante LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (en diante RLXS), na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da citada lei de subvencións de Galicia, e nas Bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2021. De xeito supletorio, pola normativa da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

2.- As actuacións para levar a cabo con ocasión da tramitación destas axudas estarán rexidas polos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

### **Artigo 3. Ámbito de aplicación.**

1.- A presente convocatoria diríxese a aquelas persoas físicas e empresas que reúnan a condición de persoa beneficiaria segundo o previsto no artigo 7 destas Bases e que a súa actividade se encadre nalgunha das seguintes agrupacións do Imposto de Actividades Económicas, segundo o Real Decreto Lexislativo 1175/1990 do 28 de setembro (BOE 234 do 29 de setembro de 1990, e actualizacións correspondentes) e sempre que o seu establecemento se vise obrigado ao peche por imperativo da entrada en vigor do citado Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e outras medidas restrictivas posteriores executadas polo Estado e pola Comunidade Autónoma de Galicia, e outros sectores que se viron afectados na súa facturación. No anexo I desta orde de convocatoria relacionanse as actividades beneficiarias clasificadas segundo o citado Real Decreto Lexislativo 1175/1990.

En calquera caso, **exclúense** todos aqueles establecementos cuxa apertura ao público non quedase suspendida durante as prohibicións decretadas polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e outras medidas restrictivas posteriores executadas polo Estado e pola Comunidade Autónoma de Galicia, agás as actividades incluídas no citado anexo I da presente convocatoria. Especialmente quedan excluídos as seguintes actividades:

- Comercios polo miúdo de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade.
- Establecementos farmacéuticos, sanitarios e centros ou clínicas veterinarias.
- Ópticas e produtos ortopédicos.
- Produtos hixiénicos.
- Combustible para a automoción.
- Estancos.
- Equipos tecnolóxicos e de telecomunicacións.
- Alimentos para animais de compañía.
- Comercio por internet, telefónico ou correspondencia.
- Tinturarias e lavandarias.

2.- En caso de empresarios autónomos que figuren de alta en dous ou máis epígrafes do IAE, serán considerados como posibles beneficiarios sempre que a actividade principal que desenvolven estea incluída dentro das agrupacións subvencionables.

3.- No caso de que un mesmo propietario teña máis dun centro de traballo con epígrafes de IAE distintos concederase por cada un deles unha subvención, segundo os epígrafes correspondentes.

**Artigo 4. Crédito orzamentario.**

O importe máximo destinado a atender estas axudas ascende a un total de 350.000 €, que se imputarán á aplicación orzamentaria correspondente 430.470 subvencións para o fomento do emprego do Orzamento Municipal 2021.

Todo iso sen prexuízo da posibilidade de incrementar unha cantidade adicional no suposto de existencia de maior crédito, previa autorización do gasto correspondente.

**Artigo 5. Concepto subvencionable.**

Ten a consideración de concepto subvencionable, o cesamento da actividade obrigatorio, a reapertura posterior despois de cada orde ou normativa administrativa de obrigatoriedade de peche.

**Artigo 6. Destino e contía das axudas.**

1.- As axudas están destinadas a paliar o impacto económico desfavorable para a actividade económica desenvolvida por autónomos e empresas cuxa facturación anual non supere 500.000 euros con carácter xeral, e que se vira obrigada á suspensión da súa apertura ao público durante os períodos en que someteu un peche obrigatorio ditado polas distintas administracións con competencias na materia de xestión da crise sanitaria, excepto as actividades que non tiveron que pechar, pero viron mermada a súa facturación, e que se recollen no anexo I da presente convocatoria.

A acreditación do peche do establecemento e/ou merma da facturación da actividade realizarase mediante declaración responsable do solicitante emitido para o efecto. Sen prexuízo das actuacións inspectoras e de comprobación que poida executar o Concello de Vilalba.

2. -O importe da subvención para conceder serán en función dos seguintes epígrafes:

- a) **EPÍGRAFE 65, 721.2:** A subvención será de 850 euros.
- b) **EPÍGRAFE 67, 68, 967, 972:** Establécese un importe de 1.300 euros.
- c) **EPÍGRAFE 981.2, 039 :** A subvención será de 2.000 euros.
- d) No caso de empresas do sector hostaleiro (epígrafe 67) de ter **máis de dez traballadores/as**, a axuda será de 5.000 euros. Igualmente neste caso a facturación poderá superar os 500.000 €.
- e) **OCIO NOCTURNO:** Establécese un importe de 5.000 €.
- f) Venta ao por menor de sectores cuxa actividade estea relacionada co sector de eventos de vodas: 2.000 euros (comercio de roupa específico de roupa de bodas, venda de flores)

**Artigo 7. Persoas beneficiarias.**

1.- Poderán solicitar esta subvención aqueles autónomos ou empresas que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención, recollidas no artigo 3 da presente orde (relacionadas no anexo I), e que cumpran os seguintes requisitos:

- a. Que a actividade que desenvolven se vira afectada polo peche de establecementos disposto polo RD 465/2020, do 17 de marzo (que modifica o artigo 10 do RD 463/2020, do 14 de marzo), e/ou posteriores peches decretados polo goberno ou pola Xunta de Galicia.
- b. Que a facturación anual non supere 500.000 euros con carácter xeral. Para elo terase en conta a facturación dos anos 2019, e/ou 2020, non podendo superala en ningunha das anualidades. Exceptúanse desta limitación as empresas do sector hostaleiro (epígrafe 67) sempre que teña máis de dez traballadores/as, podendo a facturación superar os 500.000 €.
- b. No caso de autónomos/as, estar afiliado como autónomo e coa alta en vigor na data da declaración do estado de alarma (14 de marzo de 2020), ou coa alta como mínimo, 8 meses despois da data da declaración do estado de alarma (14 de novembro do 2020), e sempre que estén coa alta en vigor na data de publicación desta convocatoria. Tamén teran dereito a esta axuda as persoas físicas que teñan unha incapacidade permanente total que sigan mantendo a súa actividade e con empregados por conta allea.
- c. Que teñan o seu domicilio fiscal da actividade no municipio de Vilalba, e radique no mesmo o centro de traballo afectado.
- d. Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT), coa Facenda da Xunta de Galicia e do Concello de Vilalba, e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pago da subvención, no seu caso.

2.- Quedan excluídas das presentes axudas as asociacións, as comunidades de propietarios en réxime de propiedade horizontal.

3.- Quedan excluídas tamén as Administracións Públicas, os seus organismos autónomos, as empresas públicas, empresas mixtas e outros entes públicos, as empresas concesionarias de servizos públicos, así como as UTES (Unións Temporais de Empresas), asociacións, fundacións e, en xeral, entidades sen ánimo de lucro e o persoal autónomo colaborador.

#### **Artigo 8. Compatibilidade da subvención.**

Estas axudas serán compatibles con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso procedente doutras Administracións ou entes, xa sexan públicos ou privados, rexionais, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais e con aquelas incluídas en calquera outro plan executado dende o Concello de Vilalba, sempre e cuando se respeten los límites establecidos en el Marco nacional temporal relativo ás medidas de axuda a empresas e autónomos, consistentes en subvencións directas, anticipos reembolsables, ventaxas fiscais, garantías de préstamos e bonificacións de tipos de interés en préstamos destinadas a respaldar la economía no contexto do actual brote de COVID-19, aprobado por Decisión de la Comisión Europea SANA.56851 (2020/N), de 2 de abril de 2020), e as súas modificacións (Marco temporal).

#### **Artigo 9.- Prazo e Forma de presentación de solicitudes**

1.- O modelo de solicitude será unha instancia dispoñible na web municipal [www.vilalba.gal](http://www.vilalba.gal), modelo establecido como ANEXO II destas bases.

2.- Segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, as solicitudes presentaranse por vía telemática a través da Sede electrónica do Concello de Vilalba.

3.- O prazo de presentación das solicitudes será de VINTE DÍAS NATURAIS, a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

4.- A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo establecido e a non utilización dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causas de NON ADMISIÓN.

#### **Artigo 10.- Documentación a achegar:**

- Solicitude normalizada (ANEXO II), asinada pola persoa interesada, ou o seu representante legal, debendo acompañarse, obrigatoriamente, da seguinte documentación:

a. DNI polas dúas caras, ou NIE acompañado do pasaporte.

b. Informe de Vida Laboral actualizado á data de publicación destas bases, do autónomo/a, e da empresa de selo caso (empresas de máis de 10 traballadores no sector da hostalería e as persoas físicas que teñan unha incapacidade permanente total con empregados por conta allea). Neste caso deberán acompañar a vida laboral da empresa con data do 01-01-2019 ao 31-12-2019, onde se indique a media de traballadores.

c. No caso de incapacidade permanente total, acompañarase a resolución, ou certificación da citada incapacidade.

d. Certificado emitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria acreditativo de atoparse de alta no mesmo epígrafe do Imposto de Actividades Económicas que se indicou no documento de solicitude.

e. Certificados de AEAT, Seguridade social e Xunta de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias.

f. Certificación do numero de conta bancaria para o ingreso da axuda.

g. No caso de actividades de ocio nocturno: Presentarase a licenza de apertura de CAFÉ CONCERTO concedida polo Concello.

h. No caso do Grupo 721.2: Transportes por autotaxis, será necesario presentar unha declaración xurada da persoa que figura como conductor e matrícula do vehículo.

i. No caso de comercio de roupa específico de roupa de bodas, venda de flores debido a que o epígrafe non existe como tal, deberá presentar a maiores unha declaración xurada de seu negocio adica mais do 80% a venda para estes eventos.

#### **Artigo 11. Procedemento de concesión.**

1. O procedemento será o procedemento en réxime de concorrencia non competitiva. Unha vez aprobadas as presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

2.- O procedemento de concesión das subvencións contidos nesta orde é non competitivo e axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e pola finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento. A concesión das axudas realizarase pola comprobación da concorrencia na persoa ou entidade solicitante dos requisitos sinalados nesta orde ata o esgotamento do crédito.

3.- En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia e sendo unha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, as subvencións resolveranse por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas. Non obstante, naqueles supostos en que se requirise aos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou

documentación presentada, entenderase por rexistro de entrada da solicitude presentada a data en que tal requirimento estivese correctamente atendido.

4. De conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base.

#### **Artigo 12. Instrución e resolución do procedemento de concesión.**

1.- A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 e 23 a 27 da LXS, así como nos artigos concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da citada lei de subvencións de Galicia.

A instrución do presente procedemento realizarase pola Comisión de Valoración nomeada para o efecto, á que lle corresponderán as funcións de comprobación das documentacións presentadas, valoración, no seu caso, dos documentos, proposta de resolución e calquera outros trámites para o debido desenvolvemento e tramitación do procedemento.

A mesma estará constituída polos seguintes integrantes, todos eles con voz e voto, salvo o Secretario/a que só terá voz:

Presidente/a: Dna. Elba M<sup>a</sup> Veleiro Fernández, Alcaldesa-Presidenta.

Vogais:

- 1.- Don. Gonzalo Hermida Carreira. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Vilalba.
- 2.- Dona. María José Lama Villares. Administrativa do persoal do Concello de Vilalba.
- 3.- Don Fernando Rodríguez Vidal. Informático do Concello de Vilalba

Poderán designarse suplentes da área xurídica e/ou económica, para a súa substitución.

Secretario: Obrigatoriamente un dos vogais actuará como Secretario.

A citada Comisión reunirse a convocatoria da Presidente da mesma ou da Alcaldesa- Presidenta da Corporación, dentro do prazo máximo dos dez días naturais seguintes á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, para os efectos da instrución do Expediente, segundo procedemento previsto nas presentes bases. Estas reunións poderán realizarse de maneira presencial ou electrónica, non tendo carácter público.

2.- A concesión de axudas efectuarase ata esgotar o crédito dispoñible destinado a atender as mesmas nese momento (segundo dispoñibilidade orzamentaria aprobada).

3.- Procedemento de concesión das Axudas:

- Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, constituirase a Comisión de Valoración, para os efectos de comprobar a documentación presentada polos solicitantes, aprobándose a proposta da listaxe inicial de admitidos e excluídos provisionalmente, concedéndose, en caso de detectarse defectos emendables, un prazo de cinco días hábiles para a corrección da documentación oportuna, sen que durante este prazo se permita a presentación de documentación complementaria non presentada con anterioridade, de maneira que esta fase de alegacións estará destinada á corrección de posibles erros aritméticos ou de feito da proposta de resolución. Esta listaxe deberá ser publicado nos taboleiros de anuncios da Corporación (sede electrónica), para os efectos da notificación aos interesados. En caso de non emendarse en prazo, entenderase que o interesado desiste da súa solicitude.

- Cumprimentados estes trámites elevarase a proposta de concesión de subvencións ao órgano competente para a súa concesión, que será a Alcaldesa-Presidenta. Previamente a elaborar a proposta de acordo, publicaranse a efectos de notificación na páxina web municipal, no taboleiro de edictos electrónico do Concello, as seguintes listaxes:

1. Persoas solicitantes propostas como beneficiarias por presentar a súa solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria antes de esgotarse o crédito inicialmente dispoñible destinado a atender estas axudas.

2. Persoas solicitantes que non cumpren os requisitos establecidos na convocatoria quedando a súa solicitude desestimada.

3. Persoas solicitantes que non achegaron a totalidade da documentación requirida no artigo 10 da convocatoria con indicación da mesma.

4.- O Acordo de concesión será obxecto de publicación na páxina web municipal, no taboleiro de edictos electrónico do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións, fornecendo esta publicación os efectos da notificación.

O Acordo de concesión das subvencións conterà tanto o outorgamento das subvencións, que fixará expresamente a súa contía e incorporará, no seu caso, as condicións, obrigacións e determinacións accesorias a que debe

suxeitarse a persoa beneficiaria das mesmas, como a desestimación expresa do resto das solicitudes ou lista prioritaria de reserva, no seu caso.

5.- O prazo máximo para resolver e notificar o acordo será de dous meses a contar do seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes.

Poñerá fin á vía administrativa, podéndose interpoñer contra ela recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditase a resolución ou ben recorrer directamente ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativo na forma e prazos previstos na lei reguladora da devandita xurisdición.

### **Artigo 13. Obrigas das persoas beneficiarias.**

Son obrigas das persoas beneficiarias:

- a. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.
- b. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- c. Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- d. No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3. b) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.
- e.- Realizar a oportuna publicidade da presente subvención ,en virtude do art 18 LXS e 15 LSG e RLXS, coa colocación nun lugar visible dun cartel informativo no establecemento ou sede social da empresa ou autónomo ata 30-12-2021. No anexo III detállase o modelo de cartel impreso en formato A4.

### **Artigo 14. Forma de pago.**

1.- O abono realizarase mediante transferencia bancaria na conta facilitada na solicitude, tras a publicación da lista definitiva.

### **Artigo 15. Revogación e reintegro.**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro no caso de non cumprimento das condicións establecidas nestas Bases e na resolución de concesión da subvención e en especial:

- a) A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron.
- b) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control do cumprimento.

### **Artigo 16. Obriga de colaboración.**

1.- Os beneficiarios e os terceiros relacionados co obxecto da subvención e a súa xustificación estarán obrigados a prestar colaboración e facilitar cantas evidencias sexan requiridas no exercicio das funcións de control que correspondan ao Concello de Vilalba, así como aos órganos que, de acordo coa normativa aplicable, teñan atribuídas funcións de control financeiro.

2.- Os beneficiarios e os terceiros relacionados co obxecto da subvención e a súa xustificación, coa presentación da solicitude de axuda, autorizan expresamente ao Concello de Vilalba solicitar información a outras administracións co obxecto de realizar os labores de comprobación e control da mesma en calquera das súas fases.

### **Artigo 17. Confidencialidade e protección de datos.**

1.- As tarefas desenvolvidas como consecuencia da execución das presentes Bases reguladoras, así como a documentación xerada polas mesmas, entenderanse en todo momento de exclusiva propiedade da parte que a proporciona, garantíndose por parte do Concello de Vilalba a total confidencialidade da información nelas recollida.

2.- O Concello de Vilalba comprométese a tratar de modo confidencial calquera datos ou informacións que lle sexan proporcionados

**ANEXO I (agrupación, grupos, e epígrafes de actividades subvencionables)****Agrupación 65: Comercio polo miúdo de produtos industriais non alimenticios realizado en establecementos permanentes.**

Grupo 651. Comercio ó por menor de produtos textiles, confección, calzado, pieles e artigos de coiro.

Epígrafe 652.4 Comercio ó por menor de plantas e herbas en herbolarios

Grupo 653. Comercio ó por menor de artigos para o equipamento do fogar e a construción.

Grupo 654. Comercio ó por menor de vehículos terrestres, aeronaves e embarcacións e de maquinaria, accesorios e pezas de recambio.

Grupo 656. Comercio ó por menor de bens usados tales como mobles, prendas e enseres ordinarios de uso doméstico

Grupo 657. Comercio ó por menor de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios

Grupo 659. Outro comercio ó por menor.

**Agrupación 67: Servizo de alimentación en cafés e bares con e sen comida.**

Grupo 671. Servizos en restaurantes.

Grupo 672. En cafeterías.

Grupo 673. En cafés e bares, con e sen comida.

Grupo 674. Servizos especiais de restaurante, cafetería e café-bar.

Grupo 675. Servizos en quioscos, caixons, barracas ou outros locais análogos, situados en mercados ou prazas de abastos, ó aire libre na vía pública ou xardíns.

Grupo 676. Servizos en chocolaterías, heladerías e horchaterías.

**Agrupación 68: Servizo de Hospedaxe.**

Grupo 681. Servizo de hospedaxe en hoteis e moteis.

Grupo 682. Servizo de hospedaxe en hostais e pensións.

Grupo 683. Servizo de hospedaxe en fondas e casas de hóspedes.

Grupo 684. Servizo de hospedaxe en hoteis-apartamentos.

Grupo 685. Aloxamentos turísticos extrahoteleiros.

Grupo 686. Explotación de apartamentos privados a través de axencia ou empresa organizada.

Grupo 687. Campamentos turísticos nos que se prestan os servizos mínimos de salubridade, como agua potable, lavabos, fregadeiros, etc.

**Agrupación 72. Outros transportes terrestres.**

Epígrafe 721.2 Transporte por autotaxis

**Grupo 967: Instalacións deportivas e escolas e servizos de perfeccionamento do deporte.**

Epígrafe 967.1 Instalacións deportivas.

Epígrafe 967.2 Escolas e servizos de perfeccionamento do deporte.

Epígrafe 967.3 Alquiler de artigos para deporte en instalacións deportivas.

**Grupo 972. Salóns de peluquería e institutos de beleza.**

Epígrafe 972.1 Servizos de peluquería de señora e cabaleiro

Epígrafe 972.2 Salóns e institutos de beleza e gabinetes de estética

**Grupo 981. Xardíns, parques de recreo ou de atraccións e acuáticos e pistas de patinaxe.**

Epígrafe 981.2 Servicios xardíns de recreo (Ludotecas, Xardíns de recreo)

**Agrupación 03. Actividades relacionadas coa música.**

Grupo 032. Intérpretes de instrumentos musicais.

Grupo 033. Cantantes.

Grupo 039. Outras actividades relacionadas coa música, n.c.o.p.





**ANEXO I - Instancia para as Subvencións autónomas / empresas peche COVID-19**

**Datos do interesado**

Tipo de persoa  NIF/CIF

Nome  Primeiro apelido  Segundo apelido

Razón Social

(Só si Tipo de persoa = Xurídica)

**Datos do representante**

Tipo de persoa  NIF/CIF

Nome  Primeiro apelido  Segundo apelido

Razón Social

(Só si Tipo de persoa = Xurídica)

Poder de representación que ostenta

Nome do convenio

(Só si Poder de representación que ostenta = Estou adherido a un convenio con esta administración para representar ao interesado)

**Datos a efectos de notificacións**

Medio de notificación  Email  Móbil

País  Provincia  Municipio  Núcleo diseminado  Código postal

Tipo Vía  Enderezo  Número  Bloque  Escaleira  Andar  Porta

**Expón / Solicita**

Expón

1.- Que reúne os requisitos das axudas de autónomas e empresas afectadas polo peche obrigatorio das súas actividades durante a situación de crise sanitaria por causa do Covid-19, publicadas polo Concello de Vilalba.

2.- Que dispoño de \_\_\_ local/es ou negocio/s en Vilalba, e os epígrafes ós que pertence a miña actividade son:

-

-

-

Solicita

Axuda por importe de:

### Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

- Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos aportados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.

Información básica sobre protección de datos:

Responsable	Concello de Vialba
Finalidade	Tramitar procedementos y actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público o no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos no seguinte enderezo: <a href="http://vialba.sedelectronica.es/">http://vialba.sedelectronica.es/</a>

- Presto o meu consentimento para que os datos aportados na instancia e na documentación que a acompaña podan ser utilizados para o envío de información de interese xenal.

Información básica sobre protección de datos:

Responsable	Concello de Vialba
Finalidade	Tramitar procedementos y actuacións administrativas.
Destinatarios	Cumprimento dunha misión realizada en interese público o no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Lexitimación	Consentimento
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos no seguinte enderezo: <a href="http://vialba.sedelectronica.es/">http://vialba.sedelectronica.es/</a>

- Presto o meu consentimento para que a Entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables.


### Declaracións e compromisos

- Declárase que a persoa/entidade solicitante non factura máis de 500.000 €, segundo estipula o artigo 7 das bases da convocatoria de axudas de autónomas e empresas afectadas polo peche obrigatorio das súas actividades durante a situación de crise sanitaria por causa do Covid-19, publicadas polo Concello de Vialba.
- Declárase que a persoa/entidade solicitante pertence ó sector hostaleiro (epígrafe 67), ten máis de 10 traballadores, e factura máis de 500.000 €, segundo estipula o artigo 7 das bases da convocatoria de axudas de autónomas e empresas afectadas polo peche obrigatorio das súas actividades durante a situación de crise sanitaria por causa do Covid-19, publicadas polo Concello de Vialba.
- Declárase que a persoa/entidade solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.
- Que a persoa/entidade solicitante comprométese ao cumprimento das obrigacións das persoas/entidades beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

### Sinatura

Sinatura

ANEXO III. Modelo de Cartel, en formato tamaño A4.

	<p><b>AXUDAS DO CONCELLO DE VILALBA A AUTÓNOMOS E EMPRESAS AFECTADAS POLO PECHE OBRIGATORIO DAS SÚAS ACTIVIDADES DURANTE A SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA POR CAUSA DA COVID-19 POR CONCURRENCIA NON COMPETITIVA.</b></p> <p><b>AUTÓNOMO/EMPRESA BENEFICIARIA:</b></p> <p><b>IMPORTE AXUDA CONCEDIDO:</b></p>
---	---

---

Vilalba, 28 de outubro de 2021.- A Alcaldesa, Elba María Veleiro Fernández.

R. 3102

---

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO. COMISARÍA DE AUGAS**

*Anuncio*

**Expediente número: A/27/23202**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Celina Pérez Núñez

Nombre del río o corriente: Rego da Teixeira o Liñares

Caudal solicitado: 0,012 l/seg.

Punto de emplazamiento: Pedrosa (Veiga)

Término Municipal y Provincia: Becerreá (Lugo)

Destino: Uso ganadero

**BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:**

Captación mediante bomba de succión e impulsión hasta bebederos automáticos en explotación ganadera. Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Becerreá o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 27 de octubre de 2021.- El Titulado Superior de Gestión y Servicios Comunes, Pedro Granda Rodríguez.

R. 3073

---